

Callón inscribe a perda no seu segundo libro de poemas

A poesía di o que non se sabe dicir. Explora áreas devastadas e censa ausencias. Enfronta o ser humano coa súa propia finitude. Intenta. Á pregunta de como rexistrar a perda procura respostas *Inscrições* (Galaxia, 2019), o segundo libro de **Carlos Callón**. “O que inscrebo / ten máis vida que quen o escribe”, afirma un poema.

Daniel Salgado 29 de marzo de 2019

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/callon-inscribe-perda-seu-segundo-libro-poemas/20190328135845077522.html>

“Como inscribir o que non está, como inscribir o que falta, como rexistrar a perda”, explica Callón (Ribeira, 1978) a **Sermos Galiza** os propósitos da súa obra. Lapidaria, cruzada pola morte e ao tempo con ángulos de humor, heteroxénea e cun tramo final desbordado escrito á morte da nai -*As mans* titúlase a sección-, *Inscrições* busca “o gume” onde se atopa o descoñecido.

“Intérnome nas miñas enrugadas, / primeiro de expresión, / despois porque fago anos. / Intérnome. Mergúllome. Enminmémome. / Metaforizo en abismo / cada distancia que non existe. / Hai residuos”, escribe noutro poema. “É un libro difícil”, asegura o autor. Despois de oito volumes, un deles de poemas -*Atravesar o fantasma* (Xerais, 2014)-, este é do que menos lle apetece falar. A materia traballada é extremadamente sensíbel.

“Dicía **Freud** que, no fondo, no fondo, todos pensamos que non imos morrer. Ese é o noso pequeno segredo”, expón, “pero a morte está aí. E non só ecoa no futuro, senón que a súa presenza ás veces obriga a reformular a nosa vida”. “E se xa non me ofreces sete veces que quede, / para que, / para que vou ficar?”, apunta unha composición de *As mans*.

Callón, figura pública, ex presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, ex candidato do BNG ao Congreso, é outro na súa obra. Polo menos, así o perciben as súas achegadas. “Un amigo portugués [o poeta reside en Lisboa, onde é docente de xeografía e historia] dime que como é posíbel que eu, que sempre sorríu, escriba sobre a morte e a destrución”, relata. Nalgúns recitais previos á saída de *Inscrições* había quen remataba chorando. “Hai dores que se tocan”, entende, “e ás veces a poesía consegue que o entendamos ben”.

Esa experiencia tamén serviu ao autor para reflexionar sobre as mudanzas nas formas de chorar e “as dificultades de facelo en público”. A poesía de Callón, dalgún xeito intimista e, segundo el mesmo define, con parte confesional -“que non é o mesmo que biográfica”- indaga no eu. E sèrvese sen complexos de conceptos psicanalíticos, ás veces trasladados ao verso sen apenas mediación. “A primeira vez que lin **Jacques Lacan**”, conta, “pensei que era un falabarato. Logo ves as prácticas clínicas e, vaia, mudas de opinión. Agora leo páxinas del que me producen a

mesma sensación que un bo poema. Parece que falan de min". *Atravesar o fantasma*, por caso, é Lacan.

Con preferencia pola composición breve, Callón deixa espazo ás incertezas do xénero. "Hai algo que impón a forma", di. Non é doado identificar o que. En todo caso, *Inscripcións* é síntese de tempos diferentes e diferentes proxectos de libro. "Preciso estar seguro para publicar poesía", degraña, "talvez por iso fun un poeta que publicou de xeito relativamente serodio". Publicou, porque escribir escribía poemas desde os 10 anos, cando no colexio de monxas ao que asistiu lle mandaron inspirarse na virxe para a tarefa.